

VISITAS ESCOLARES ÁS CASAS MUSEO

Casa Museo Picasso

Enderezo: r/ Paio Gómez, 14 (15004) - Teléfono: 981 189 854

Casa Museo María Pita

Enderezo: r/ Ferrarías, 28 (15001) - Teléfono: 981 189 853

Casa Museo Casares Quiroga

Enderezo: r/ Panadeiras, 12 (15001) - Teléfono: 981 189 856

Horarios das tres Casas Museo:

De martes a sábado: de 11:00 a 13.30 h. e de 18:00 a 20 h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 14.00 h.

Luns: pechado

COORDINACIÓN:

Concellaría de Cultura. Casas Museo Municipais

Casa museo Casares Quiroga – r / Panadeiras, 12 Teléfono: 981 189 856

Correo electrónico: casasmuseo@coruna.gal

Coordinadora: Susana Martínez Portabales. Xefa de Departamento de Promoción Cultural

Concelleiro de Fomento e Promoción da cidade: Gonzalo Henrique Castro Prado

CASAS MUSEO

Na Coruña, viviron personaxes ilustres que tiveron unha relación destacada coa cidade e axudaron a construír parte da nosa Historia. Os espazos que habitaron son na actualidade lugares de visita convertidos en museo. Son as Casas Museo.

Estes espazos museográficos intentan achegar ao público á súa vida cotiá a través do contacto coas casas que habitaron e xerar interese por coñecer o seu pensamento e a súa historia.

As localizacións das Casas Museo posibilitan tamén o percorrido por 3 zonas da cidade representativas de distintas épocas históricas: a Cidade Vella da Casa Museo María Pita, a Pescaría próxima á Casa Museo Casares Quiroga e o Ensanche no que se sitúa a Casa Museo Picasso.

CASA MUSEO PICASSO

Pablo Ruíz Picasso viviu durante catro anos neste piso da rúa Paio Gómez. Chegou co resto da súa familia en 1891 acompañando a seu pai, quen conseguira un posto como profesor na Escola Provincial de Belas Artes. Con 13 anos, en 1895, volvería a mudarse de novo, esta vez a Barcelona. O museo mostra este período case descoñecido da súa vida na que iniciou os seus estudos artísticos oficiais ao tempo que comezaba a súa adolescencia.

A casa permanece practicamente igual que cando Picasso viviu nela. A musealización reproduce unha casa típica dunha vivenda do Ensanche coruñés do século XIX. Este efecto conséguese con mobles e obxectos orixinais e de época.

Os traballos desta época do artista están estreitamente vinculados coas súas vivencias cotiás: as paisaxes da Coruña, a familia, as amizades, etc. Parte deses traballos poden apreciarse mediante as reproducións dos cadros expostos na casa museo. A súa evolución posterior pódese ver na sala que acolle os dous gravados orixinais do ano 1937, “Soño e Mentira de Franco”, contemporáneos ao Guernica e coa mesma temática: a Guerra Civil Española.

CASA MUSEO MARÍA PITA

Nesta casa a parte de coñecer a vida desta muller e a batalla que a fixo famosa, podemos asomarnos á Coruña na que viviu entre os séculos XVI e XVII: a súa morfoloxía, o seu contexto político, a súa estrutura social, etc.

O museo érguese no mesmo solar ocupado no século XVI por unha casa propiedade do primeiro marido de María Pita na rúa Ferrerías da Cidade Vella. O edificio foi rehabilitado polo arquitecto Arturo Franco Taboada, quen conservou os muros antigos e construíu dentro unha estrutura moderna.

As salas centrais están adicadas á historia da Coruña mentres que as salas anexas contan a vida de María Pita. Unha destas últimas acolle a recreación da tenda e do dormitorio da súa nai, que María Pita herdou á súa morte. Paneis explicativos guían ao público visitante entre os obxectos da época e a reprodución do resto da exposición. Por último, nunha pequena sala de andar baixo organízanse exposicións temporais e actividades relacionadas coa temática do museo.

CASA CASARES QUIROGA

Este edificio, o número 12 da rúa Panadeiras, foi o fogar de Santiago Casares Quiroga, republicano galego que ao longo da súa carreira política chegou a ser Presidente do Goberno da II República Española. O museo está centrado neste período histórico ao que se achega partindo da vida da familia Casares.

O conxunto da casa intenta recrear o fogar dos Casares: cociña, biblioteca, cuarto de baño... espazos que foron remusealizados durante o ano 2010 incorporando novos materiais e temáticas. A II República é a súa grande protagonista xunto a Santiago Casares. Esta etapa é analizada dende diferentes ámbitos e con diferentes protagonistas. De entre eles merecen especial atención as dúas fillas de Santiago: Esther Casares, á que está adicada unha das habitacións da segunda planta, e María Casares, a gran actriz do teatro francés que no ano 2022 con motivo do centenario do seu nacemento adicóuselle todo o terceiro andar.

O andar baixo ten unha sala de exposicións que acolle exposicións temporais de temática relacionada coa Casa Museo así como outras de ámbito social e artístico.

1. PROGRAMA DE VISITAS ESCOLARES

DESCRICIÓN: Percorrido guiado polas dependencias que configuran cada Casa Museo.

OBSERVACIÓNS:

- A Casa Museo Picasso está situada nun 2º piso e carece de ascensor. Ten unha planta baixa adicada a exposicións temporais e zona de acollida para inicio da visita aos grupos e visitantes.
- Pode visitarse máis dunha Casa Museo por día.
- A temática de cada Casa Museo é recomendada para determinados niveis educativos, pero intentamos adaptar as actividades ás diferentes idades dos grupos solicitantes.

DURACIÓN: De 1 hora (cada Casa Museo).

PERIODICIDADE: Días lectivos de 15 de outubro ao 31 de maio: de martes a venres, ás 10:30, 11:30 e 12:30 (preferentemente)

DESTINATARIOS: Alumnado de Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato e FP. e grupos de E. Especial.

NÚMERO DE PARTICIPANTES: Recomendamos que os grupos non excedan de 15 integrantes pero aceptaranse até un máximo de 30. Na Casa Museo Picasso é necesario subdividir os grupos superiores a 12/15 persoas.

O alumnado deberá ir acompañado polo profesorado.

INSCRICIÓN:

- Prazo de solicitude: do 10 ao 30 de setembro de 2015.
- Modo de inscrición: Ademais da ficha de solicitude xeral, hai que cumprimentar directamente “on line” a **FICHA DE SOLICITUDE ESPECÍFICA DE “VISITAS ESCOLARES ÁS CASAS MUSEO”**.

Para acceder a ela, aqueles centros que non estean incorporados á “Intranet Educativa Municipal”, poderán utilizar a clave de acceso que se lles adxudicou o curso pasado ou solicitala ao “Servidor Central” (teléfono 981 902 327).

FORA DESTE PRAZO, poderán concertarse visitas directamente con: Casas museo municipais – Casa Museo Casares Quiroga - Teléfono: 981 189 856. casasmuseo@coruna.gal

2. OUTRAS VISITAS

2.1. VISITA LIBRE

As Casas Museo posibilitan a visita libre ás súas instalacións nun horario amplo (de mañá e tarde) durante todo o ano.

2.1. VISITAS GUIADAS

As asociacións ou outros colectivos que o desexen poden solicitar visitas guiadas ás dependencias das Casas Museo ou ás exposicións temporais que acollen. Deben poñerse en contacto de luns a venres coa Casa Museo Casares Quiroga a través do teléfono: 981 189 856 ou ben no enderezo electrónico casasmuseo@coruna.gal A petición ten que facerse cunha antelación mínima de 15 días.